

ADDENDA NÚM. 4 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

REUNIDOS

Dunha parte María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde-presidente do Concello de Negreira, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O 6 de xullo de 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Negreira para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, modificado polas addendas núm. 1, 2 e 3 de 8 de xuño de 2022, 2 de xullo de 2024 e 10 de abril de 2025.

II.- Nas cláusulas segunda e terceira do acordo vixente establécense as achegas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e do concello, para levar a cabo as actuacións, coa súa distribución por anualidades do seguinte xeito:

Achegas da Consellería:

Anualidade 2021	Sen dotación
Anualidade 2022	25.304,40 €
Anualidade 2023	Sen dotación
Anualidade 2024	Sen dotación
Anualidade 2025	25.304,40 €
Anualidade 2026	25.304,40 €
Anualidade 2027	50.608,80 €

III.- O Concello de Negreira, mediante escrito do 14 de outubro de 2025, solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.



A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 13 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

IV. As modificacións que se pretenden non varían o obxecto do convenio manténdose inalterables os exercicios orzamentarios previstos no convenio. Polo tanto, a aprobación do expediente non precisa autorización do Consello da Xunta.

Polo exposto, procede modificar o convenio vixente para adaptar os compromisos establecidos para cada unha das partes intervenientes no mesmo á nova programación dos traballos.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 4, para a modificación e ampliación da vixencia do convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula segunda. Compromisos da Xunta

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír o financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de cento vinte e seis mil cincocentos vinte e dous euros (126.522,00 €) equivalente ao 90% do custo de redacción do PXOM, con cargo a aplicación orzamentaria 11.03.521A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídas nas seguintes anualidades:

Anualidade 2021	Sen dotación
Anualidade 2022	25.304,40 €
Anualidade 2023	Sen dotación
Anualidade 2024	Sen dotación
Anualidade 2025	Sen dotación
Anualidade 2026	25.304,40 €
Anualidade 2027	25.304,40 €
Anualidade 2028	50.608,80 €

Os aboamentos efectuaranse do seguinte xeito:

a) 25.304,40 euros, logo da sinatura do contrato

b) 25.304,40 euros, logo da entregado borrador do plan e do documento inicial estratéxico para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.



c) 25.304,40 euros, logo de certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública.

d) 50.608,80 euros, que se dividirán en dous pagamentos:

- 25.304,40 euros, logo de certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente .
- 25.304,40 euros, logo da aprobación definitiva do plan pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do PXOM, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato de servizos para a redacción do PXOM suscrito polo concello de Negreira. Os aboamentos parciais que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao concello de Negreira, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.



Segunda.- Modificación da Cláusula terceira. Compromisos do Concello de Negreira

O Concello de Negreira asume as seguintes obrigas:

- 1.- Efectuar a aprobación inicial do documento do PXOM e realizar posteriormente, a súa entrega na Dirección Xeral de Urbanismo.
- 2.- De ser o caso, unha vez aprobado definitivamente o PXOM entregarase na Dirección Xeral de Urbanismo un texto do documento refundido debidamente cotexado.
- 3.- Facilitarlle o acceso a todo tipo de información que teña relación co obxecto do presente acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- 4.- Contribuír ao financiamento do custo total estimado do contrato cunha achega de catorce mil cincuenta e oito euros (14.058,00 €) equivalente ao 10% do importe total investimento previsto. O libramento efectuarao o concello, xunto ou previo ao correspondente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en cada fase cumprida, segundo o establecido no apartado 1 da cláusula segunda, de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade 2021	Sen dotación
Anualidade 2022	2.811,60 €
Anualidade 2023	Sen dotación
Anualidade 2024	Sen dotación
Anualidade 2025	Sen dotación
Anualidade 2026	2.811,60 €
Anualidade 2027	2.811,60 €
Anualidade 2028	5.623,20 €

Así mesmo, o Concello de Negreira asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para a o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que de selo caso resulten, aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións que interveñen, dentro do límite orzamentario establecido na cláusula primeira.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a orde da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pola que se outorgue a aprobación definitiva do PXOM e a posterior entrega na Dirección Xeral de Urbanismo dun exemplar do documento aprobado



debidamente dilixenciado, será requisito suficiente como xustificación plena de execución dos traballos obxecto da axuda.

6.- Realizar ante a Dirección Xeral de Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG de 25 de xuño de 2007) exceptúase para o presente acordo a consideración como gasto realizado do gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (art. 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron os servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto, establécese no día 15 de decembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio, agás a correspondente á derradeira anualidade, que deberá presentarse antes do 20 de xuño.

7.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8.- Comunicarlle a Dirección Xeral de Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

9.- Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de



demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12.- O Concello de Negreira presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

13.- Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

Terceira.- Modificación da Cláusula décimo segunda.- Vixencia do convenio e prórroga

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de decembro de 2028, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

Cuarta.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Quinta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

A conselleira de Vivenda e Planificación de
Infraestruturas

O alcalde-presidente do Concello de
Negreira,

María Martínez Allegue

Manuel Ángel Leis Míguez

